

CENTRO
COREOGRÁFICO
GALEGO

AÍNDA


Dirección
Mercedes Suárez

DOSSIER DO
ESPECTÁCULO





AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
XUNTA DE GALICIA



CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO:
Complexo Deportivo de Elviña
Avda. de Glasgow s/n 15008 A Coruña
Tel: 981 134 946

www.centrocloreografico.org

Dirección: Mercedes Suárez

Profesoras de danza: Beatriz Ponlla e Belén Vázquez

Xastras: Milagros Reimúndez e Cristina Cordido

Auxiliar de son: Hugo Peñamaría

Pianista: Roberto Beceiro

Índice

Centro Coreográfico Galego	7
Aínda, Espectáculo CCG 2012	7
Programa	8
Dirección	11
Coreografía	12
O corpo de baile	14







CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Integrado na Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Centro Coreográfico Galego (CCG) é un espazo público de creación, producción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza.

Entre os seus obxectivos están o apoio á creación artística, á investigación e á formación dos profesionais das artes do movemento. Persegue tamén a diversificación das súas iniciativas, tanto temática como xeograficamente, así como tender pontes entre proxectos e institucións afíns e contribuír ao encontro da danza con outras disciplinas artísticas. Na súa relación coa sociedade, o CCG desenvolve accións de sensibilización da cidadanía cara á danza, buscando posicionarla nun lugar preferente da vida cultural galega.

AÍNDA, ESPECTÁCULO CCG 2012

AÍNDA é un espectáculo do Centro Coreográfico Galego realizado baixo a dirección artística de Mercedes Suárez. Está composto por dúas pezas: *Jardí Tancat*, de Nacho Duato; e *Aínda*, de Mercedes Suárez e Amaury Lebrun.

O CCG ofrece deste xeito un programa dobre no que combina e fai dialogar a creación actual cun título de referencia no repertorio dancístico a través da representación de *Jardí Tancat*, a obra coa que Duato iniciou a súa carreira como figura imprescindible da arte coreográfica española e internacional.

PROGRAMA

1. JARDÍ TANCAT

Coreografía: Nacho Duato

Música: M^a del Mar Bonet

Vestuario: Nacho Duato

Escenografía: Nacho Duato

Illuminación: Nicolás Fischtel

Repetidor: Amaury Lebrun - Hilde Koch

Organización e producción: Carlos Iturrioz - Mediart Producciones

A coreografía *Jardí Tancat* foi estreada polo Nederlands Dans Theater en 1983 e, na actualidade, forma parte do repertorio do Ballet de Teatres da Generalitat Valenciana. A montaxe, reestreada no Teatro Albéniz de Madrid en 1992 no inicio da etapa de Nacho Duato como director da Compañía Nacional de Danza, está debuxada por solos, dúos e momentos corais, que adquiren unha profunda impresión de ligazón á terra.

En *Jardí Tancat*, María del Mar Bonet canta e pon música a centenarios textos populares cataláns, que navegan entre a tristura e a melancolía.

2. AÍNDA

Coreografía: Amaury Lebrun e M. Suárez

Música: ISGA Collective e tradicional galega

Deseño de vestiario: María Villas

Producción: Jesús R. Arias e Pilar Peña

Luces: E. Sacarrera

Deseño gráfico: Empatía Comunicación

Fotografía: Manuel Lemos

Vídeo: Antonio Cid

Esta peza mestura a danza contemporánea coa tradicional galega, co obxectivo de reflectir o potencial da cultura de Galicia. Sendo más próxima ao estilo contemporáneo, ten porén un marcado carácter galego, xa que se introducen xestos da danza popular de total expresividade. A música está inspirada tamén en melodías tradicionais galegas.

Bailaríns

Ástrid Molinero

Julia Méndez

Carmela García

Juan Miguel Hernández

Miguel Ángel Ponte

Ariel Gastón A. Caramés









Mercedes Suárez

Dirección artística
Coreógrafa

Nada na Agualada, no concello coruñés de Coristanco, Mercedes Suárez é titulada superior en Danza polo Real Conservatorio de Danza de Madrid, e en Anatomía e Biomecánica aplicada á danza pola Universidade de Alcalá de Henares.

Inicia a súa formación artística a partir de 1968 con notables mestres de danza clásica e contemporánea en distintos lugares do mundo: con Carmen Ocaña, Emilia Ardanuy e Karen Taft, en Madrid; con Irina Grjvina en París; con Víctor Ullate, Emilio Altés e Mme. Periphanos, en Bruxelas; con Nina Virubova, en Girona; con Marica Besobrasova, en Mónaco; con José Parés, en Caracas; e con Valentina Gabanilova, en San Petersburgo. Nestes tres últimos destinos, foi bolsa da Xunta de Galicia.

Como bailarina, Mercedes Suárez inicia a súa carreira en 1973 no Ballet Clásico de Madrid dirixido por Eva Borg. En 1976 trasládase ao Ballet de Versailles (Francia), onde traballa como bailarina e axudante de coreografía.

Como directora da compañía Druida Danza, fundada en 1981 na Coruña, a partir de 1988 asina a coreografía e dirección de numerosas montaxes en Galicia: *Drama de mulleres* (1990), *A Mari Gaila* (1995), *Fronda* (1998), *Cuore* (1999), *Metamorfosis de F. Kafka* (2000), *En espera* (2001), *Lúa amarga* (2002), *O calar do tempo* (2003), *A redeira* (2004), *20 anos non é nada* (2005), *Verde transparente* (2006) e *ABCDanza* (2007). Moitos destes espectáculos foron representados, ademais, en escenarios de Portugal, Barcelona, Biscaia, París ou Bucarest.

Algunhas das súas coreografías foron interpretadas tamén por outras compañías, como Ballet do Noroeste (Viana do Castelo), Ballet de Cámara de Alicia Alonso (Madrid) e Ballet Nacional de Santo Domingo (República Dominicana).

Mercedes Suárez foi galardoada con diferentes premios polo seu traballo como coreógrafa. En 1990 recibe o do Certame de Teatro Ciudad de Lugo por *Drama de mulleres*. O Certame Coreográfico de Galicia outorgalle o terceiro premio por *O calar do tempo* en 2004 e a mención especial por *O anxo exterminador* en 2005. En Portugal recibiu o primeiro premio no Certame de Viana do Castelo. Tamén foi galardoada en Madrid no Maratón de Danza, organizado polo Teatro de Madrid.

Na actualidade dirixe o Centro Coreográfico Galego, para o que en 2010 creou e dirixiu o espectáculo *Etheria, a viaxe soñada* e en 2011 asumió a dirección artística de *3DTres*, con coreografías de Tony Fabre, Ángel Rodríguez e Amaury Lebrun.



Amaury Lebrun

Coreógrafo

Nado en Francia, comezou a estudar ballet no Ballet du Nord. Posteriormente completou a súa formación na School of American Ballet, de Nova York, onde foi elixido por Jerome Robbins para unha creación.

Ao longo da súa carreira, traballou en compañías de danza europeas como o Ballet du Rhin, o Deutsche Staatsoper de Berlín e o Ballet de l'Opéra de Nice en calidade de solista. Ao tempo, destaca como intérprete das obras de coreógrafos como Maurice Béjart, Georges Balanchine, Nils Christi, Carolyn Carlson, Roland Petit, Hans Van Manen, John Cranko, José Limón, Maryse Delente, Claude Brumachon, Myriam Naisy e Kurt Joos, entre outros.

En 2000, ingresou como solista na Compañía Nacional de Danza, onde baila numerosos traballos do director Nacho Duato, así como doutros coreógrafos de renome internacional como Jiri Kylian, Ohad Naharin, Andersson Örjan, William Forsythe, Godani Jacopo, Mats Ek e Wim Vandekeybus.

Durante a súa etapa no Ballet de l'Opéra de Nice, espertan as súas inquedanzas como coreógrafo. *Inspiración*, unha peza que áinda forma parte do repertorio desta compañía, foi o seu primeiro traballo.

En 2002 gañou o primeiro premio do Concurso Internacional de Coreografía de Burgos coa peza *Kenmey*. En 2004 crea *La rosa de l'infante* para o Purchase College de New York e *Sen Título 1* para o Teatro Principal de Burgos. En 2005 estrea *Between Days* e *La Barrière* nos 7º e 8º obradoiros coreográficos da Compañía Nacional de Danza no Teatro de la Zarzuela, en Madrid. Ese mesmo ano asina *Couplets de folies* no Gran Auditorio de Alcobendas, así como *Passeing Birds* para a Compañía Nacional de Danza 2.

En 2006 participa como coreógrafo no Summer Dance International de Burgos, organizado por Kazuto Hirabayashi, onde crea *You think: beauty* para os alumnos da famosa Juilliard School e Alvin Ailey School de Nova York. En 2007 estrea dous solos, *Rouge* e *The picture*, para o gran auditorio de Alcobendas e para o Purchase College de Nova York, respectivamente. Tamén gaña o terceiro premio no Certamen Internacional de Coreografía de Burgos coa súa peza *One day, an apple*.

En 2008 asina o dúo *Mémoire d'L* no Teatro Principal de Burgos, ademais de *Hear the buzz?* e o solo *Cendres*, e en 2009 crea o solo *No more myself* e participa no 9º obradoiro de coreografía da Compañía Nacional de Danza no Matadero (Madrid).

Desde 2009 é director artístico da súa propia compañía, Amaury Dance Company (ADC), e é convidado a participar en numerosos festivais internacionais. Ademais, é habitualmente convidado como coreógrafo para dar clases magistrais e obradoiros.

En 2010 crea *Ewes* para a Compañía Nacional de Danza 2 e *In praise of shade* para o Western Australia Academy of Performing Arts (WAAPA)



en Perth (Australia). Convidado en Nova York para impartir un taller de coreografía na Alvin Ailey Center, realiza *Sen título 2*. Imparte, así mesmo, talleres de repertorio, composición coreográfica e improvisación no Conservatorio Superior de Danza de Madrid.

Para o Centro Coreográfico Galego, asinou a coreografía *Magnificat*, estreada na Coruña en xullo de 2011 dentro do espectáculo *3DTres*.

Nacho Duato

Coreógrafo

Formouse na Rambert School de Londres, na Mudra de Maurice Béjart en Bruxelas e na Alvin Ailey American Dance Centre de New York.

Con 21 anos asinou o seu contrato co prestixioso Cullberg Ballet e un ano despois ingresaba no Nederlands Dans Theater (NDT) da man do seu director, Jirí Kylián. Os dez anos que pasou Duato na compañía holandesa marcaron o facer artístico do creador valenciano. Alí asinou a súa primeira coreografía, *Jardí Tancat* (1983), pasou a ser coreógrafo estable xunto a Hans Van Manen en 1988, e empapouse do sentir coreográfico de Kylián, recoñecida peza influínte no seu traballo.

Para a Compañía Nacional de Danza, á que Nacho Duato chegou aos 32 anos de idade como director e onde permaneceu 20 anos, creou máis de 30 obras. *Mediterrania* (1992), *Multiplicidade. Formas de silencio e baleiro* (2000), *Ferruxe* (2004), *Ás* (2006) e *Gilded Goldbergs* (2006) son algunas delas.

Prestixiosas compañías de medio mundo bailan as súas coreografías. O American Ballet Theater, o Ballet da Ópera de Berlín, o Australian Ballet e o Ballet Cullberg, entre outras, conteñen montaxes do creador nos seus repertorios. O seu labor como director estendeuse ata a formación da Compañía Nacional de Danza 2, que dirixía xunto a Tony Fabre e que naceu como canteira de novos bailaríns que van cambiando cada dous anos.

Entre os múltiples galardóns que figuran na carreira artística de Nacho Duato destançan o Primeiro Premio no Concurso Internacional de Colonia pola obra *Jardí Tancat*, a Medalla de Ouro ao Mérito das Belas Artes (1998), o Premio Benois de la Danse (2000) e o Premio Nacional de Danza (2003).

Na actualidade dirixe o Ballet do Teatro Mijáilovski de San Petersburgo.



O CORPO DE BAILE



Ariel Gastón A. Caramés

(Arxentina, 1978)

Comezou a súa carreira artística en Arxentina, recibindo clases no Teatro Colón e formando parte do Ballet del Teatro Maipo. Posteriormente, trasladouse a Estados Unidos cunha bolsa como alumno da escola Miami City Ballet. En Norteamérica, onde permaneceu catro anos, foi dirixido por figuras como Vladimir Issaev na Arts Ballet of Florida, ou Ray Sullivan no Miami Contemporary Dance Company. Participou tamén como solista no Festival Internacional de Ballet de Miami.

De volta en Arxentina, integrou o Ballet Contemporáneo do Teatro San Martín baixo a dirección artística de Mauricio Wainro, realizou varias actuacións como solista e compartiu escenario con bailaríns como Ángel Corella, Maximiliano Guerra ou Paloma Herrera. En 2008 entrou a formar parte da Compañía del Ballet Argentino, dirixida por Julio Bocca.



Miguel Ángel Ponte


(Cambre, A Coruña, 1983)

Inicia os seus estudos na Coruña, na escola de danza Druida, baixo a dirección de Mercedes Suárez. Mais tarde, trasládase a Madrid e licénciase en Coreografía e Interpretación pola Universidad Rey Juan Carlos, onde obtivo tamén o Master Oficial en Artes Escénicas.

Destacan as súas participacións en representacións coa compañía galega Druida Danza nos espectáculos *O calar do tempo*, *A redeira*, *20 anos non é nada* ou *Verde transparente*. En Madrid, baila en varias funcións de *El cascanueces* para o Joven Ballet de Cámara de la Comunidad de Madrid.

Mención á parte merecen os seus traballos co Ballet Clásico Nacional da República Dominicana, onde é contratado como artista internacional en calidade de solista principal.

Foi recoñecido coa mención “Bailarín máis destacado” no Certame Coreográfico Galego (2004) e obtivo o terceiro premio no Concurso Nacional de Danza de Torrelavega (2005).



Carmela García

(Valencia, 1984)


Licenciada en Coreografía e Técnicas da Interpretación e Máster en Artes Escénicas pola Universidad Rey Juan Carlos, onde acadou o Premio á Investigación, Creación Coreográfica e Interpretación en 2005, continúa a súa formación como bailarina en Cannes, Budapest, Londres, Toulouse e Barcelona, entre outras cidades.

Recibiu ademais varios premios como intérprete en diferentes concursos de danza como o de Ribarroja (Valencia), Premio AISGE (Castellón), Certamen Coreográfico Burgos-New York ou o Premio Artes Escénicas (Teatros de la Generalitat Valenciana).

Foi tamén bailarina solista no Ballet de Cámara de Madrid, Compañía Neodans e Compañía Otra Danza.

Ástrid Molinero

(Barcelona, 1990)



Comezou a súa formación artística en Barcelona en 1995 na escola Oriol Martorell. En 2002 entra no Institut del Teatre baixo a dirección de Ramón Oller e en 2004 complementa a súa formación en ballet na Eulalia Blasi Academy, dirixida por Eulalia Blasi.

En 2008 participa no London Studio Centre e na Images Company Tour, dirixido por Nick Espinosa. Destacan as súas actuacións no EESA/CPD de L'Institut del Teatre de Barcelona en representacións como *Paquita*, *La Bella Durmiente*, *Giselle* ou *Don Quixote*.

Coa Eulalia Blasi Academy é solista en *Chopiniana* e forma parte do corpo de baile de diferentes producións (*Petit Mort*, *Swan Lake* ou *La Bayadere*, entre outras).

Julia Méndez

(A Coruña, 1992)



Formouse na escola de danza Druida da Coruña, entrando a formar parte da compañía no ano 2005. Foi intérprete de *20 Anos non é nada*, *Verde transparente* e *ABCDanza*, espectáculos cos que percorreu varias cidades de Galicia, ademais de Madrid, Bucarest, París, Porto e Viana do Castelo.

Participou como bailarina solista nos concertos didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia, interpretando *Julieta en sueños* de Juan Vara e *El Carnaval de los animales* de Saint Saëns.

Completa a súa formación en diferentes cursos e obradoiros con Víctor Ullate, Carmina Ocaña, Jorge Christoff, Amaury Lebrun, Hervé Ilari e Paula de Castro, Karin Guizo, Virginia Valero, Eva Borg, École de danse de Rosella Hightower, etc.

Foi elixida polo English National Ballet para o seu taller de danza no Teatro Real (Madrid) e participou no Encontro Internacional de Danza Madrid-New York no Conservatorio Superior de Danza de Madrid, realizando talleres de coreografía con Michael Leon Thomas (Alvin Ailey) e Eva L. Crevillén (Nacho Duato).

Recibiu varios premios nos concursos de danza de Ribarroja (Valencia) e Torrelavega (Santander).

Juan Miguel Hernández

(Madrid, 1975)



Realiza estudos de danza en Madrid na Escuela María de Ávila con Lola de Ávila, no Real Conservatorio Profesional de Danza con Aurora Bosch e Lázaro Carreño, e na Escola de Víctor Ullate.

Como solista, son salientes as súas actuacións en *Jardí Tancat* e *Without Words*, de Nacho Duato; en *L'Oiseau de Feu* e *Sept Danses Grecques*, de Maurice Bèjart; en *Vertiginous*, de William Forsythe; en *Kammerballet*, *Cinco tangos*, *Concertante* e *Solo for Exactitus*, de Hans van Manen; ou en *Jaleos*, *Arrayan d'Araxa*, *Seguirillas* e *Tras el espejo*, de Víctor Ullate.

Como membro do corpo de baile, fixo representación de diversa importancia con Rober North (*Entre dos aguas* e *Troy Game*), Víctor Ullate (*Ven que te tiente*, *El amor brujo* e *Don Quijote*) ou Pascal Touzot (*First Touch*), entre outros.





AÍNDA

COPRODUCEN:



COLABORAN:

